

# QUE INVADIMOS AGORA?

# 120

[Michael Moore, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 03.06.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

## FICHA TÉCNICA

Where to Invade Next (2015, 119')

**Dirección:** Michael Moore

**Guión:** Michael Moore

**Participación:** Michael Moore, Krista Kiuru, Tim Walker

**Montaxe:** Pablo Proenza, Woody Richman, Tyler H. Walk

**Son:** Rich Bologna, Craig Kyllonen

**Música:** Dan Evans Farkas

**Fotografía:** Rick Rowley, Jayme Roy

**Produtora:** Dog Eat Dog Films, IMG Films (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.78:1

## PREMIOS

Satellite Awards 2015 (mellor documental),

Hamptons 2015 (premio do público).

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Capitalismo: Una historia de amor*, 2009

*Sicko*, 2007

*Fahrenheit 9/11*, 2004

*Bowling for Columbine*, 2002

*The Big One*, 1997

*Operación Canadá*, 1995

*Roger y yo*, 1989

## SINOPSE

Sátira na que Moore se embarca nunha *invasión* por Europa para atopar solucións que se poidan aplicar aos problemas internos de Estados Unidos. O creador de *Fahrenheit 9/11* e *Bowling for Columbine* volve con este divertido e revelador grito de guerra. As solucións aos problemas máis arraigados de Estados Unidos xa existen no mundo, simplemente están a agardar a seren utilizadas.

«Con *Que invadimos agora?* Moore fixo o seu mellor filme da última década e deixa claros cales son exactamente os seus puntos fortes.»

Noel Murray. INDIEWIRE



# QUE INVADIMOS AGORA?

[Michael Moore, 2015]

## «A maioría dos americanos cre nas cousas que eu creo»

**Entrevista a Michael Moore**  
Por Cara Buckley

**Non parece que este filme vaia enfadar moito á xente.** Vai ti saber, se cadra os de Fox News bótanse enriba miña por querer alimentar os nosos estudantes a base de carne de año e queixo francés. Non, non creo que toleen tanto comigo desta vez. Non fixen un filme político, senón un filme humanista. Tento amosar o humanismo que atopei na maneira que son tratados os nenos fineses ou demostrar que os franceses non envelenan as súas crianzas no xantar. Se consigo suscitar a atención dalgunha xente, se cando menos o 10 por cento dos espectadores vaia á seguinte xuntanza da súa AMPA e diga: «Hei, por que non comezamos a pensar noutra caste de alimentos e llelos encargamos a agricultores locais?»; iso significaría que o filme motivou á xente a facer algo.

**A idea do filme vén de lonxe?** Desde que tiña 19 anos. Naquela altura viaxei a Europa facer o Interraíl. En cada país ao que ía coa miña mochila e a miña pequena tenda dicía, «que boa idea, como é que nós non facemos iso?». Nunha ocasión, de camiñada por Suecia, manqueei un pé e tiven que ir a emerxencias para que mo curasen. Estaba moi nervioso porque o Blue Cross [seguro sanitario americano] non me ía cubrir. E apenas tiña diñeiro. Amañaronme o pé e a cousa foi así: «—Xa estás, deica outra. —Que, iso é todo? Non lles debo nada? —Non, é de balde aquí. —Mais eu non son sueco. —Iso non importa». Non o podía crer, quedei pasmado.

**Bowling for Columbine (2002) foi hai 14 anos e olla o que pasa co tema das armas; Fahrenheit 9/11 (2004) foi hai 12 mais Estados Unidos segue a participar en conflitos bélicos. Non te desesperas?** Teño dúas experiencias ben distintas con respecto a iso. Estou constantemente frustrado e ás veces preguntome porque amolan estes filmes. Cando se estreou *Bowling for Columbine* non había tiroteos nas escolas cada semana, nin sequera cada mes; era algo

bastante raro. Daquela tes esa sensación de que fas estes filmes coa vontade de que as cousas melloren mais non é así. Pero fixen tamén un filme titulado *The Big One*. Entrevistei a Phil Knight, director de Nike. Díxenlle: «decátaste de que hai nenos de 12 anos traballando nas túas factorías de Indonesia?». Logo de que o filme se estrease Knight mudou a idade mínima aos 18. En *Capitalismo: Una historia de amor* (2009) introducín a idea do 99% e o 1% restante. Dous anos máis tarde tivo lugar Occupy Wall Street. Coido que se falas con calquera mozo dirache que foi unha das causas que desencadeou o movemento e lle achegou un léxico propio.

### **E con este novo filme, coidas que os Estados Unidos han adoptar algunha destas medidas progresistas...**

Absolutamente. E neste caso non creo que teñamos que agardar 10 ou 20 anos para algunhas das cuestións tratadas no filme. A guerra contra o narcotráfico non está a funcionar, temos a Jim Crow [lei de segregación racial] a funcionar nas nosas prisións, ninguén paga a baixa por maternidade. Iso só acontece aquí e en Papúa Nova Guinea. E vai seguir así baixo o seguinte mandato.

**Quen vai gañar as eleccións?** Aquel cuxo nome empeza por D. Non, agora en serio, sempre lle digo á xente que vote polo que consideren mellor candidato nas primarias porque o bando demócrata vai gañar. E todo o que se precisa saber é unha estatística: o 81% da xente do país é ou unha muller, ou unha persoa de cor, ou un votante menor de 35.

### **É posíbel que no futuro non fagas filmes incendiarios para tentar quedar fóra da primeira liña de fogo?**

Non creo que sexa nada incendiario dicir que todo o mundo deba ter dereito a un seguro sanitario, ou que non deberíamos pechar escolas. Cales son as posicións políticas nos meus filmes? Que General Motors non deba deslocalizar a súa produción explotando os traballadores do terceiro mundo e destruíndo a clase media neste país? Se iso é incendiario temos un serio problema. As cousas van a mellor e amo este país mais non podo aturar algunhas cousas que vexo. Porén, creo que me atopo dentro da maioría agora. Creo que as maioría dos americanos, cunhas poucas excepcións, cre nas cousas que eu creo.

Publicado en <http://www.nytimes.com/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

*El documental.* Jean Breschand. Paidós

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME